Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

NOVAS / INICIATIVAS

POLAFÍA en Xirarga (Beariz)

POLAFÍA en Xirarga (Beariz)
Local Veciñal de Doade
Sábado, 1 de outubro de 2011, ás 5 da tarde.

Xirarguiña para cantar,
Xirarguiña para cantar,
anque non cantan moi alto
sábeno adoneirar.

Historias, música, contos, cantos e memoria das tradicións dos lugares da parroquia de Xirarga e arredores.

Coa participación das pandereteiras da Alén, Celso Fernández Sanmartín, Isidro Novo, O Tear de Llerena e moitas veciñas e veciños de Xirarga co seu saber contar e cantar.

ENTRADA LIBRE

Colaboran:Veciñas e veciños de Xirarga.
Patrocina:Xunta de Galicia

Organiza: Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega).

———

Que son as polafías? Unha aposta da AELG a prol da literatura galega de tradición oral.

As polafías son un proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), coordinado polo vogal de Literatura de Tradición Oral, Antonio Reigosa, e que conta coa colaboración de diversas asociacións e co patrocinio de institucións públicas.

A palabra polafía é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais, e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical, galego. O termo polafía quere reunir no seu significado o mellor dos diferentes matices e acepcións de vellas palabras (polavilas, fías, fiadas, fiandóns, seráns,...) con semellantes contidos. A principal diferenza, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora podemos, e debemos, axudarnos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de novas tecnoloxías, caso de internet, que poden contribuír a unha ampla difusión deste patrimonio.

O formato das polafías require a presenza dun mantedor, divulgador ou especialista que introducirá e comentará as principais características das pezas e xéneros literarios amosados, dun recitador de poesía anónima ou de autor de feitío popular; dun músico, que interpretará romances, coplas ou cantares de raiceiras tradicionais. Sen embargo, o elemento humano transcendental e imprescindible no desenvolvemento de cada polafía constituírano os homes e mulleres, narradores, cantadores, romanceadores...etc, veciñas e veciños de cada lugar onde se desenvolva a polafía, pois eles son os auténticos protagonistas, os que xenerosamente transmiten o seu saber.

O que suceda nas polafías será gravado e logo difundido a través da web da AELG. As polafías teñen unha duración aproximada de 90 minutos.

► Enlace web AELG: Vídeos das POLAFÍAS.



MANUEL BLANCO.

ROMANCE HISTÓRICO,

el que manifiesta los horrorosos asesinatos cometidos en Galicia por Manuel Blanco Romasanta, de edad de 43 años, vecino de Reguei-ro, partido de Allariz, transformándose en lobo por una maldicion que su padre le habia echado, comiéndose las personas que mataba, como á sido descubierto y el juez de dicho partido le ha aplicado la pena de muerte en el mes de junio de 1853.

Oigan de esta maldicion
que un padre á un hijo le ha echado
que en lobo se ha transformado,
sin tenerle compasion.

Ved esta causa marchar,
este crimen sin segundo,
que horrorita à todo el mundo,
venid padres á escuchar.

Cartaz_polafía de Xirarga (BEARIZ).pdf